



CONCELLO DA PASTORIZA (LUGO)

Praza de Galicia, n.º 1 - C. P. 27287

Tel. 982 33 21 97 - Fax 982 33 22 33

e-mail: pastorizac@terra.es

ACTA DA COMISIÓN DE VALORACIÓN DO PROCESO DE SELECCIÓN PARA A CONTRATACIÓN TEMPORAL DUN OFICIAL 1ª-CONDUTOR DO CONCELLO DA PASTORIZA POLA QUE SE RESOLVE A RECLAMACIÓN INTERPOSTA POR DON EMILIO IGLESIA REGUEIRO CONTRA A RESOLUCIÓN DA COMISIÓN POLA QUE SE APROBA A PUNTUACIÓN OBTIDA POLO ASPIRANTE NO CONCURSO DE MÉRITOS.

LUGAR: Salón de sesións do Concello da Pastoriza

DATA: 01 de abril de 2013

HORA DE COMEZO: 13:30 h.

HORA DE REMATE: 14:30 h.

ASISTENTES

Dª Ana Losada Real, xefa da Unidade de Selección, Promoción e Carreira da Excm. Deputación Provincial de Lugo.

D. Delio Fernández Cobas, maquinista-condutor do parque móbil da Excm. Deputación Provincial de Lugo, vogal.

D. José Manuel Mouriz Broz, xefe do parque móbil da Excm. Deputación Provincial de Lugo, vogal.

Secretaria (sen voz e voto): Mª Dolores Rivas Losada, técnico medio do Concello, por delegación do Secretario da corporación.

As persoas anteriormente citadas como membros da comisión de valoración constituída por Resolución da Alcaldía de data 26 de febreiro de 2013 para o proceso de selección dun oficial 1ª-condutor, baixo a modalidade de contratación temporal reúnen-se co fin de examinar a reclamación presentada por don Emilio Iglesia Regueiro contra o acordo da Comisión de Valoración relativo a puntuación da fase de concurso:


ANTECEDENTES

PRIMEIRO. Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 31 de xaneiro de 2013 aprobáronse as bases e a convocatoria pública para a selección e contratación con carácter de persoal laboral temporal e a xornada completa dunha praza de oficial primeira-condutor cuxo extracto se publicou no BOP núm. 36 de 13 de febreiro de 2013.

SEGUNDO. Por decreto da Alcaldía de data e 26 de febreiro designouse aos membros da Comisión de Valoración e con data 04 de marzo aprobouse a lista definitiva de admitidos e excluídos no proceso de selección.

TERCEIRO. A Comisión de Valoración por acordo de data 12 de marzo e con carácter previo á entrevista aprobou ás puntuacións obtidas na fase de concurso polos aspirantes.

CUARTO. O día 18 de marzo de 2013 don Emilio Iglesia Regueiro presentou reclamación contra a Resolución de 12 de marzo da Comisión de Valoración pola que



CONCELLO DA PASTORIZA (LUGO)

Praza de Galicia, n.º 1 - C. P. 27287

Tel. 982 33 21 97 - Fax 982 33 22 33

e-mail: pastorizac@terra.es

se cualifica os méritos dos aspirantes, solicitando a revisión dos méritos aportados en base as seguintes alegacións:

1. que acreditou experiencia profesional en diversos posto de condutor de dúmper, maquinista de retroexcavadora, niveladora e bulldozer, camión de obra etc. por tempo superior aos 7,5 anos completos que permitirían a puntuación máxima de 1,50 puntos, e só se lle valorou a experiencia en 1,01 puntos
2. que en canto a formación complementaria á puntuación obtida de 0,30 se lle debería sumar 1 punto polo título de técnico auxiliar electricista de FP1 e tamén os cursos seguintes: curso de 6 horas de prevención de riscos laborais para operadores de vehículos e maquinaria de movemento de terras (0,10 puntos); curso de 20 horas de formación preventiva para posto de operador de maquinaria de transporte en actividades de exterior (0,20 puntos); curso de 79 horas de prevención en construción (0,50) puntos e curso de 150 horas de condutor de grúas móbiles autocargantes (0,75 puntos) alcanzando a puntuación máxima de 2,50 puntos

Unha vez examinada a reclamación e estudadas as puntuacións obtidas polo reclamante a Comisión de valoración considera:

PRIMEIRO.- A base 8.1.1ª dispón que a experiencia profesional valorarase 0,20 puntos por ano traballado e que so se terá en conta a experiencia debidamente acreditada e que esta se acreditará, no caso de experiencia adquirida na Administración mediante certificado expedido por la correspondente unidade de persoal con indicación da duración do contrato e categoría profesional e nos demais casos con fotocopia do contrato ou contratos de traballo, que especifiquen a súa duración e categoría profesional, e certificación de vida laboral expedida pola Tesourería Xeneral da Seguridade Social.

Por tanto ao aspirante só se lle valorou a experiencia acredita nos termos indicados e que é a que se indica a continuación

Contratos	Categoría	Duración	Valoración
1.	Maquinista	17/09/2012 a 14/01/2013 = 4 meses	
2	Operador maquinaria	22/02/2012 a 07/09/2012 =7 meses	
3	Operador maquinaria	13/04/2011 a 19/11/2011 =7 meses	
4	Condutor maquinaria	06/07/2010 a 29/10/2010 =3 meses	
5	Condutor maquinaria	17/05/2010 a 31/05/2012 =15 días	
6	Condutor maquinaria	09/03/2010 a 14/05/2010 =2 meses	
7	Oficial 1ª condutor	15/07/2009 a 11/09/2009 =2 meses	
8	Palista	14/04/2009 a 07/07/2009 = 3 meses	
9	Oficial 1ª maquinista	23/06/2008 a 28/10/2008 =4 meses	
10	Oficial 1ª maquinista	03/06/2008 a 20/06/2008 =15 días	
11	Palista-maquinista	07/03/2007 a 31/05/2008 =14 meses	
12	Oficial 1ª	16/01/2007 a 28/01/2007 = 1 mes	
13	Oficial 1ª	01/07/2005 a 22/09/2006= 14 meses	
		Total 62 meses / 12 = 5,05 anos x 0,20	1,01

Non se valorou a experiencia referida só na vida laboral ao non determinarse a categoría profesional correspondente e quedando sen valorar só os seguintes:



CONCELLO DA PASTORIZA (LUGO)

Praza de Galicia, n.º 1 - C. P. 27287
Telf. 982 33 21 97 - Fax 982 33 22 33
e-mail: pastorizac@terra.es

Contratos	Categoría	Duración	Valoración
1	Oficial 1º	01/06/2010 a 01/07/2012 = 1 mes	0,01
2	Oficial 1ª	01/01/2005 a 30/06/2005 =6 meses	0,10

O períodos de traballo xustificadas polo interesado non supera os 5 anos, e incluso á vista da vida laboral do reclamante en ningún caso suma os 7,50 anos alegados dentro do período computable que son os últimos oito anos (2005-2013)

SEGUNDO.- A base 8.3 dispón que se valorará a titulación ou cursos de formación relacionados coas funcións propias do posto: cursos sobre mecánica de motores, cursos de condución de camiós, cursos de manexo de maquinaria pesada, cursos sobre tratamento de residuos, cursos sobre prevención de riscos, ou outro similares e que a comisión de valoración considere adecuados ás funcións do posto de traballo.

Dos cursos presentados polo aspirante non se valoraron os seguintes:

- o curso de FP1 rama de electricidade: as bases dispoñen que se valoraran as ensinanzas lectivas de módulos de mecánica ou similares non superiores a FP1. Segundo as mesmas bases, as titulación ou cursos que se valoren teñen que estar relacionados coas funcións do posto de traballo, por tanto a comisión acordou valorar só os títulos de FP da rama de mecánica, e este non é o caso.

- o curso de prevención de riscos en construción; en relación cos cursos de prevención de riscos, tendo en conta a especialidade do posto de traballo a Comisión acordou non valorar os cursos de prevención de riscos xenéricos que constitúen formación transversal, e valorar só aqueles cursos de prevención de riscos cuxo contido estea directamente relacionado co posto de traballo, é dicir, que se trate de cursos de prevención e seguridade relativos ao manexo de maquinaria.

- o curso de condutor de grúas móbiles autocargantes: non se valora ao considerar a comisión que non ten relación co posto de traballo cuxas funcións aparecen definidas na base 2º na que se sinala que os traballos a prestar serán os de condutor das máquinas e vehículos municipais, en concreto o camión do servizo de recollida de residuos sólidos, máquinas de obras públicas e mellora de camiños rurais e restantes camiós e máquinas dependentes dos servizos do Concello, nos que non se inclúe as grúas autocargantes.

Con base ás anteriores consideracións, a Comisión de Valoración, por unanimidade, propón desestimar a reclamación formulada por don Emilio Iglesia Regueiro, confirmando a valoración dos seus méritos, e confirmando a proposta de contratación e constitución da bolsa de emprego formulados.

Non sendo outro o obxecto da reunión, dáse por rematado o acto as catorce horas e trinta minutos, levantándose a presente acta que firman os asistentes, comigo, a secretaria, que dou fe.